

Ante o feminicidio de Estela Blach en Baiona:

Compañeiras, o pasado venres coñeciamos un novo feminicidio en Galiza, o asasinato de Estela Blach Silva, de 36 anos, en Baiona. Asasinada pola súa exparella Humberto González Rodríguez, que deixa sen nai unha crianza vítima de violencia vicaria.

Este é o cuarto asasinato machista recoñecido oficialmente no noso país no que levamos de ano. Antes, o femismo galego saímos ás rúas en marzo ante o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza sen nai. Antes, o feminismo galego saímos ás rúas en agosto ante o asasinato de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos. Antes, saímos ás rúas en outubro ante o asasinato de Fadoua Akkar, que deixaba tamén outra crianza sen nai.

Catro asasinatos machistas en once meses que non son simples números! son vidas humanas! Vidas que non se perden por un accidente inevitable, que son asasinadas polo machismo! E estamos fartas de que isto pase sen que pase nada, sen que paren as institucións, se que paren os festexos, sen que protagonicen os medios de comunicación, sen que se tomen medidas, sen que se sinale aos asasinados e ao machismo. Ese machismo que vemos no día a día das nosas vidas e que está na raíz de cada feminicidio.

Desde o ano 2010 son máis de 70 feminicidios na Galiza. Hoxe estamos aquí para loitar contra a indiferenza coa que se reciben as noticias de cada feminicidio. Tamén para loitar contra a pasividade, contra a falta de medidas e a falta de reacción das institucións.

Nesta ocasión había unha denuncia. Había unha orde de afastamento e iso non serviu para protexela. A nosa compañeira fixera todo o que o sistema nos vai repetir este 25N que temos que facer, responsabilizándonos ás mulleres de protexernos. O sistema fallou, non a protexeu e non salvou a súa vida.

As organizacións feministas e os colectivos que traballan contra a violencia machista levamos moito tempo sinalando que hai que ampliar e mellorar os recursos. Moito tempo sinalando ámbitos de mellora e non admitimos que ás portas doutro 25 de novembro se baleire de contido a nosa loita para poñer lazos e luces moradas e limpar conciencias mentres non se cambia nada para que todo siga igual.

Ante o feminicidio de Estela Blach en Baiona:

Cada feminicidio é un fracaso e ten que supoñer un cambio de rumbo: que se destinen máis recursos económicos, que se melloren os mecanismos de protección e se sinale aos maltratadores en vez de responsabilizar á vítima de se protexer. Hai que facer que a xustiza non sexa parte do problema, hai que dotar os CIM de persoal, hai que educar contra o machismo, hai que garantir a atención psicolóxica na sanidade pública e teñen que ser eles os que estean marcados, vixiados e localizados.

Nin unha menos!

Querémonos libres e querémonos vivas!

Por Estela e por todas, seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!



**marcha
mundial
das mulleres**

[@MMGaliza](#) | [feminismo.info](#) | [nacional@feminismo.info](#)